

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A CONSOLIDACIÓN DE FONTE DA CASA DA INQUISICIÓN

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio "Xustificación de fondos e pagamento".

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** O 4 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a consolidación de fonte da Casa da Inquisición.

**Segundo.-** Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 30 de setembro de 2025.

**Terceiro.-** O 29 de agosto de 2025 o Concello de Salvaterra de Miño solicita unha ampliación do prazo de xustificación establecido no convenio ata o día 15 de decembro de 2025, debido ao escaso prazo existente dende a sinatura do convenio e a data máxima para a súa execución e xustificación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

